



EXPTE. Nº: 6/PC17/OBRAS/2017: "PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA NO CEIP DE NANTES"

SUBVENCIÓN: PLAN CONCELLOS 2017 - LIÑA 1

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

"PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA NO CEIP DE NANTES": Dada conta do expediente para a contratación da obra enunciada e vistos os Informes emitidos pola Secretaría e Intervención Municipal o 6 de febreiro de 2018, esta alcaldía, no uso das súas atribucións **resolve**:

Primeiro: Aprobar o devandito expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración. A tramitación é ordinaria e orzamento máximo de licitación é de douscentos nove mil cento noventa e nove euros con oitenta céntimos (209.199,80 €), o ivo ascende a corenta e tres mil novecentos trinta e un euros con noventa e seis céntimos (43.931,96 €) e o orzamento máximo de licitación, co ivo é de douscentos cincuenta e tres mil cento trinta e un euros con setenta e seis céntimos (253.131,76 €).

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 5 de febreiro de 2018, que consta de 28 cláusulas e 4 anexos.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es.

Cuarto: Aprobar o gasto, polo importe de 253.131,76 euros con cargo á partida presupostaria 32304 / 62300 do presuposto do ente público separado "Entidade Local" do Concello de Sanxenxo actualmente en vigor da anualidade 2018, xa ben sexa na versión do prorrogado o una versión definitiva do Orzamento.

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:



- Presidente: O Sr. alcalde do Concello de Sanxenxo, Don Telmo Martín González, ou na súa substitución o tenente alcalde , Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.
- Vocais:
 - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova.
 - o O Secretario Xeral do Concello de Sanxenxo, Don Ángel Luis López Pita.
 - o O Concelleiro de infraestruturas, Don José Daniel Fernández Piñeiro.
 - o O Concelleiro de facenda e persoal, Don Marcos Guisasola Padín.


Dada en Sanxenxo o sete de febreiro de dous mil dezaoto.

O alcalde



Telmo Martín González

ante min, o secretario xeral



Ángel Luis López Pita